



Calendario para tramitar modificacións non substanciais das titulacións de grao e mestrado oficiais da Universidade da Coruña impartidas en centros sen acreditar institucionalmente (implantación no curso 2026/27)

O [Real decreto 822/2021](#), do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, establece nos artigos 26, 32 e 33 o **procedemento que deben seguir as universidades tanto para verificar como para modificar de xeito substancial os plans de estudos de ensinanzas oficiais de grao e mestrado**.

O [procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster da ACSUG](#) determina cales son os cambios na memoria de verificación dos títulos de grao e mestrado que poden considerarse substanciais. Ademais, establece que se a proposta de modificación que se presenta supón, a xuízo das comisións de avaliación da ACSUG, un cambio que requira o deseño dun novo título, esta axencia emitirá un informe en que instará a verificalo.

O [procedemento para a modificación substancial de títulos de grao e mestrado impartidos na UDC](#), aprobado polo Consello de Goberno o 1 de outubro de 2024, establece os pasos que deben seguir os **centros, estean ou non acreditados institucionalmente**.

O procedemento a seguir para tramitar unha modificación non substancial é o seguinte:

1. As propostas de modificacións non substanciais dos títulos de grao e mestrado despacharanse seguindo os prazos previstos no calendario para tramitar modificacións non substanciais en centros acreditados institucionalmente (anexo I).
2. Para tal fin, a xunta de centro, por iniciativa da comisión da titulación, da comisión académica do centro ou da vicerreitoría con competencias en materia de títulos, aprobará a proposta de modificación da memoria do título, que seguirá o modelo: [Formulario de solicitude para modificacións non substanciais](#). Esta proposta será remitida á vicerreitoría con competencias en materia de títulos, xunto co informe favorable elaborado polo sistema interno de garantía da calidade (SIGC) do centro (anexo II).
3. A Comisión de Plans de Estudos analizará a proposta e emitirá un informe non vinculante, que lle será remitido ao Consello de Goberno para a súa aprobación.
4. A UDC enviaralle á ACSUG a proposta aprobada para a súa aceptación. Unha vez aceptada a proposta de modificación pola ACSUG, o centro incorporará as modificacións á memoria do título na aplicación do ministerio con competencias en materia de universidades.



Anexo I. Calendario para tramitar modificacións non substanciais dos títulos de grao e mestrado impartidos en centros sen acreditar institucionalmente
(implantación no curso 2026/27)

Data límite	Órgano responsable	Accións que debe realizar o órgano responsable
17 de outubro de 2025	Xunta de centro (XC)	Remitirle á vicerreitoría con competencias en materia de títulos a proposta de modificación, xunto co informe favorable do SIGC certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.
12 de novembro de 2025	Servizo de Organización Académica (SOA)/Unidade Técnica de Calidade (UTC)	Revisar as propostas de modificación.
Novembro de 2025	Comisión de Plans de Estudos	Realizar un informe sobre as propostas de modificación.
Novembro de 2025	Consello de Goberno	Aprobar as propostas de modificacións non substanciais.
Decembro de 2025	Responsable do título e vicerreitoría con competencias en materia de títulos	Enviarlle á ACSUG a proposta de modificacións non substanciais.



Anexo II: Modelo de informe para o Sistema Interno de Garantía de Calidade do Centro polo que se valida a modificación non substancial

Reunida a _____ da Facultade/Escola de _____, na súa sesión do ____ de ____ de 20____, e unha vez analizada a proposta de modificación non substancial do plan de estudo correspondente á titulación:

- Graduado/a en
- Mestrado Universitario

ACORDA

1. Emitir informe favorable á proposta de modificación non substancial presentada, unha vez constatado que
 -
 -
2. Validar o formulario de modificación non substancial que se anexa a este documento, para a súa remisión aos órganos competentes a efectos de tramitación.

Para que así conste, aos efectos oportunos, ...

O/A (Os/As) Secretario/a(os/as) da Facultade/Escola (das Facultades/Escolas)